



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Bases de execución do Orzamento



Bases de execución do Orzamento para 2014

As presentes bases, constitúen unha adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias desta Entidade, así como aquelas outras necesidades para a súa acertada xestión, establecendo as previsións estimadas oportunas o convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran, legalmente, de procedementos e solemnidades específicas, distintas das preceptuadas para a aprobación do Orzamento.

Non se recollen a meirande parte dos conceptos xa definidos por disposicións de maior rango normativo, polo que a comprensión destas bases debe tomar apoio en ditas regulacións.

Sobre a base do anterior e con amparo no disposto polo artigo 164.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante, **TRLRFL**) e no artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (en adiante, **RD 500/90**) de desenvolvemento parcial da anterior, esta Presidencia propón ó Pleno do Consorcio as seguintes bases de execución para o Orzamento de 2014

Capítulo Preliminar **Ámbito de aplicación e vixencia**

Base 1ª. Ámbito de aplicación.

1. As presentes Bases de Execución do Consorcio serán de aplicación a esta Entidade local e, caso de que foran creados, tamén se aplicarán aos seus organismos autónomos.
2. En ditos Organismos Autónomos (OO.AA.) as facultades e competencias reguladoras nestas bases serán exercidas nos termos previstos e polos órganos dos mesmos aos que, os seus Estatutos, lle atribúan as mesmas.

Base 2ª. Vixencia.

Estas Bases entrarán en vigor ao mesmo tempo que o Orzamento do que forman parte e, do mesmo xeito, a súa vixencia queda estendida á totalidade do exercicio de 2014.

Nembargante, no suposto de que este Orzamento fora prorrogado, as bases ampliarán a súa vixencia ata que o seguinte orzamento fora aprobado definitivamente.

Capítulo Primeiro **Normativa e información contable, estrutura orzamentaria e niveis de vinculación xurídica**

Base 3ª. Normativa e información contable.

1. A contabilidade desta Entidade Local, está desenvolvida de acordo coa Instrucción de Contabilidade, Modelo Sical-Normal establecida pola Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro, (en adiante, **IC**) en aplicación do establecido pola Regra 1.b) da mesma, por superar o Orzamento desta Entidade a contía de 3M€. O soporte dos distintos rexistros, libros e documentos contables (A,D,O,P, DR, etc.) será de carácter informático, tal e como establece a Regra 14 IC e cc.



2. A Conta Xeral da Entidade estará axustada ao establecido a estes efectos no Capítulo II do Título IV da IC e deberá formarse, renderse e aprobase de acordo coas normas establecidas nese mesmo Capítulo.

3. Aos efectos establecidos na regra 105.3 IC, a información sobre a execución orzamentaria da que, no seu caso, teña que dar conta a Intervención ao Pleno do Consorcio terá o contido establecido pola Regra 106 IC, podendo a Intervención engadir calquera outro que estime de interese para os membros do Pleno. Dita información será remitida ao Pleno polo conductor da Iltma. Presidencia dentro do segundo semestre do exercicio.

Base 4^a. Estrutura orzamentaria e proxectos de gasto

1. A estrutura do orzamento, está presentada, tanto no estado de gastos coma no de ingresos, áchase desenvolvida de conformidade coa *Orde EHA/3585/2008*, do 3 de decembro, *pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais*.

A os efectos do disposto na dita Orde EHA/3585, os estados de gastos e os de ingresos relacionan as aplicacións orzamentarias (antes partidas), acomodado ao seguinte:

- Sen prexuízo do establecido na Base 5^a respecto da definición do crédito a nivel de vinculación xurídica, a aplicación orzamentaria constitúe a consignación de crédito orzamentario sobre a que se efectuará o rexistro contable das operacións de execución do gasto.
- Respecto do estado de gastos: en canto á clasificación por programas, desenvólvese, como mínimo ao nível de grupo de programa, desenvolvéndose tamén en programas e subprogramas co fin da correcta identificación e, respecto da económica, áchase desenvolvida, como mínimo, ao nível de concepto e, no seu caso, subconcepto, aínda que por adaptación na introducción informática do Orzamento, poderá ser realizadas as adecuacións que procederan no Orzamento que se presenta e, a este respecto como consta na resolución desta Presidencia de 2 de setembro de 2013 con motivo do cambio que se vai realizar (xa no presente 2013) da actual aplicación informática contable "ÁGORA" ao aplicativo informático-contable "SICALWIN", **realizaranse as adaptacións necesarias ao respecto**, respectando, o máximo posible a correcta identificación e seguimento individualizado dos gastos de cara aos parques comarcas que será verificado no momento do traspaso dos datos ao dito aplicativo SICALWIN, que no presente momento non está operativo.
- As previsións incluídas nos estados de ingresos, estarán clasificadas en capítulos, artigos e conceptos aparecendo tamén a clasificación en subconcepto, co obxecto da dita identificación e, tamén, coma no caso anterior, adaptándoa, se procede, ao programa informático.
- Estas normas, rexerán, así mesmo, para o caso de aprobación de modificacións orzamentarias malia que a inicial sexa xenérica.

2. Co fin da súa correcta identificación, control e seguimento individualizado, se poderá continuar coa aplicación iniciada no exercicio de 2005, respecto á identificación dos gastos por parques –gasto corrente como de inversión–, con independencia daqueles que por mor do establecido na regra 42 IC, deban estar identificados singularmente tal e como proceda no novo aplicativo SICALWIN.

Base 5^a. Nivel de vinculación xurídica.

1. De acordo coa posibilidade prevista no artigo 28 do R.D. 500/90, así como de conformidade co establecido pola regra 44 IC, se establecen os seguintes niveis de vinculación xurídica, con independencia da desagregación coa que aparezan nas partidas orzamentarias no Estado de Gastos:

- Os créditos serán vinculantes ao nível de área de gasto (antes, grupo de función) e de capítulo.
- Esta vinculación xurídica será tamén de aplicación aos Proxectos de Gasto específicos dos Parques, co fin de non ter que acudir a modificacións formais dos créditos asignados.

2. O nivel de vinculación implica tamén que todo gasto que en principio non teña un acomodo específico nunha aplicación orzamentaria concreta, será incluído na que lle corresponda (abríndose con consignación inicial de 0€) sempre que dito nivel de vinculación o permita e non precise de modificación orzamentaria a fin de que, no momento da liquidación do orzamento, queden especificados ao máximo, as necesidades e gastos concretos realizados. Decláranse, en consecuencia,



expresamente abertos a totalidade dos subconceptos recollidos na Orde EHA/3565/2008 ao nivel de vinculación descrito, sendo así innecesaria a tramitación de expediente de modificación de créditos cando exista crédito orzamentario no correspondente nivel de vinculación xurídica.

Capítulo Segundo
Modificacións de crédito

Base 6ª. Normas xerais nas modificacións de crédito.

1. Cando deba de realizarse un gasto para o que non exista consignación –total ou parcial– e exceda do nivel de vinculación xurídica segundo o establecido na Base 5ª, deberá tramitarse o conseguinte Expediente de Modificación Orzamentaria que proceda, dentro dos recollidos polo art. 34 do RD 500/90 e con suxección ás prescricións legais e particularidades regulamentadas nestas Bases.
2. Agás para o suposto previsto na base 5ª.2, toda modificación do Orzamento, esixe proposta razonada xustificativa da mesma, que valorará os obxectivos que se prevén mediante a súa aprobación.
3. Nos expedientes de Modificación (agás para o regulado pola Base 5ª), antes da aprobación polo órgano do Consorcio a quen lle corresponda, haberán de ser informados pola Intervención a quen deberán de achegarse todos os datos e xustificantes para o efectivo exercicio da súa función.

Base 7ª. Créditos extraordinarios e suplementos de créditos.

1. Cando non exista crédito concreto a nivel de vinculación xurídica ou fora insuficiente o presupostado, poderá acudirse á aprobación do expediente de modificación de créditos por créditos extraordinarios, no primeiro caso ou de suplementos de crédito no segundo e, en ambos casos, para o financiamento poderá acudirse, de acordo co disposto nesta base as seguintes fontes de financiamento:
 1. Ao remanente líquido de tesourería de acordo co apartado 2 desta base.
 2. A novos ou maiores ingresos sobre os inicialmente previstos de acordo co apartado 3 desta base.
 3. A anulación ou baixa de créditos doutras partidas do estado de gastos, de acordo co apartado 4 desta base.
2. O cálculo do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible para financiar créditos extraordinarios ou suplementos de créditos se efectuará de acordo co disposto no capítulo cuarto destas bases e con acomodo ao disposto polas regras 81 e seguintes da Instrucción de Contabilidade aprobada pola Orde EHA 4041/2004, de 23 de novembro xa citada.
3. O financiamento con novos ou maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, deberá verificar previamente a normalidade coa que se veñan efectuando os ingresos previstos non finalistas no Orzamento, como condición necesaria para que se poidan financiar estas modificacións de crédito con novos ou maiores ingresos sobre os previstos, e será acreditado tendo en conta:
 - a) Que o remanente de tesourería no sexa negativo, xa que, en dito suposto, os novos ou maiores ingresos estarían destinados á anulación das medidas adoptadas en congruencia co disposto polo art. 193 do Texto Refundido LRFL.
 - b) Que as porcentaxes de ingresos realizados sobre os previstos sexan similares ás porcentaxes de igual período do ejercicio anterior
 - c) Que non existira dita normalidade pero, a baixa previsible fora inferior que os excesos xa recadados, poderá destinarse ó financiamento da modificación proxectada a diferenza positiva entre os excesos e a baixa antes mencionadas.
 - d) Si non existira a normalidade, pero a baixa previsible é inferior que os excesos xa recadados, poderá destinarse ó financiamento da modificación proxectada a diferenza positiva entre os excesos e a baixa antes mencionada.



4. Si o financiamento para os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, se pretende realizar mediante anulación ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente, deberá quedar acreditado no expediente que aquelas non están comprometidas, e que as dotacións que se estimen redutibles non perturban o respectivo servizo. Tal xustificación realizarase, ben mediante relación expresa dos créditos que o correspondente servizo necesita ata o fin do exercicio subscrita pola Presidencia do Consorcio ou, no seu caso, polo xerente e que ratifique o primeiro, ben, mediante calquera outra documentación, subscrita ou ratificada pola Presidencia e que acredite suficientemente a inexistencia de tal perturbación.

5. A insuficiencia dos medios de financiamento previstos no art. 36.1 do R.D. 500/90, haberá de acreditarse expresamente no expediente de modificación como requisito indispensable para poder financiar gastos, por operacións correntes, con operacións de crédito.

6. A aprobación dos expedientes regulados nesta base, será competencia do Pleno do Consorcio, excepto que estean dentro da mesma Área de gasto (*grupo de función*) e capítulo.

Base 8^a. Créditos afectados, ampliables e Ampliación de créditos.

1. Ampliación de crédito, conforme ao art. 39 do RD. 500/90, é a modificación á alza do Orzamento de gastos, concretada nun aumento do crédito orzamentario nalgúnha das aplicacións (antes, partidas) relacionadas expresa e taxativamente nas bases e en función dos recursos ás mesmas afectados non procedentes de operacións de crédito. Malia que se deben considerar afectados os ingresos das contribucións especiais para os gastos do capítulo VI no importe reflectido neste último, non se establece a posibilidade da ampliación, polo que, consecuentemente, non será acometida modificación desta natureza.

Base 9^a. Transferencias de créditos.

1. A aprobación das transferencias de crédito entre distintas Áreas de gasto (*grupos de función*) será competencia do Pleno do Consorcio, salvo as seguintes:

- Cando teñan lugar entre aplicacións (partidas) dunha mesma Área de gasto (*grupo de función*).
- Cando as baixas e altas afecten a créditos de persoal (entendendo por esto, a totalidade dos créditos do Capítulo I, calquera que sexa a área de gasto).

Nestes casos, os expedientes de modificación corresponderán, a súa aprobación, á Presidencia, respondendo a súa tramitación ao seguinte (salvo que se estea ante o disposto, respecto do nivel de vinculación xurídica, na Base 5^a das presentes):

- a) Solicitud xustificativa da xerencia ou suxeito da necesidade ou ben, Memoria xustificativa da necesidade da medida subscrita pola Presidencia, na que queden concretadas as aplicacións orzamentarias que pretenden aumentarse e xustificación expresa de que as diminucións propostas non perturban ós respectivos servizos afectados polas mesmas.
- b) Informe de Intervención.
- c) Resolución aprobatoria da Presidencia, que poderá expoñerse no Taboleiro de anuncios do consorcio sen prexuízo da súa efectividade desde a data da súa adopción.

2. No resto dos casos, a aprobación dos expedientes de transferencias entre distintas áreas de gasto, corresponde ao Pleno do Consorcio, con suxeición ás seguintes normas:

- a) Memoria xustificativa da necesidade da medida subscrita pola Presidencia ou no seu caso, pola Xerencia coa conformidade posterior da Presidencia, na que queden concretadas as aplicacións orzamentarias que pretenden aumentarse e xustificación expresa de que as diminucións propostas non perturban ós respectivos servizos afectados polas mesmas.
- b) Informe de Intervención.
- c) Acordo de aprobación inicial do expediente e modificación polo Pleno do Consorcio.
- d) Información pública polo prazo de quince días mediante a inserción do anuncio correspondente no "Boletín Oficial" da provincia de conformidade co previsto polo art. 177.2 do Texto Refundido da LRFL.



- e) Resolución de reclamacións polo Pleno, no seu caso, presentadas, no prazo máximo dun mes e acordo de aprobación definitiva.
- f) Publicación no citado Boletín consonte ao disposto polo art. 169.3 do citado Texto Refundido, momento no que, producida esta, entrará en vigor a modificación. Caso de non se presentar reclamacións, transcorrido o prazo citado na letra g), procederá a publicación citada nesta para a entrada en vigor.
- g) Unha copia do expediente estará a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación ata a finalización del exercicio.

Base 10ª. Xeración de créditos por ingresos.

1. Poderán xerar créditos no Estado de Gastos do Orzamento, os ingresos, de natureza non tributaria especificados no art. 43 do RD. 500/90.
2. Xustificada a efectividade da recadación dos dereitos ou ben, a existencia formal do compromiso, ou do recoñecemento do derecho, segundo os casos, se procederá a tramitación do expediente, que se iniciará mediante proposta da xerencia ou da Presidencia.
3. A aprobación do expediente corresponderá á Presidencia do Consorcio, mediante a decreto que conterá a oportuna resolución, a cal, será executiva desde o momento no que sexa adoptada áinda que, en todo caso, e previamente á mesma, deberá figurar no expediente o informe do Órgano Interventor.

Base 11ª. Incorporación de remanentes de créditos.

1. De conformidade co disposto nos arts. 82 do Texto Refundido LRFL, e arts. 47, 48 do R.D. 500/90 e demais disposicións concordantes, poderán incorporarse aos correspondentes créditos do Orzamento de Gastos do inmediato seguinte sempre que existan os suficientes recursos financeiros, os créditos seguintes:
 - a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as transferencias, que foran concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio e para os mesmos gastos que motivaron a súa concesión ou autorización.
 - b) Os créditos que amparen os compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores.
 - c) Os créditos por operacións de capital.
 - d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados.
 - e) Os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados.
2. A tal fin e, ao tempo de se practicar as operacións de liquidación do Orzamento do exercicio precedente, a Intervención informará sobre o estado do gasto en función do anterior.
3. Si os recursos financeiros non alcanzan a cubrir o volume de gasto a incorporar, o Presidente, previo informe del Órgano Interventor, establecerá a prioridade de actuacións.
4. En ningún caso poderán ser incorporados os créditos seguintes:
 - a) Os declarados non disponíveis polo Pleno continúen en tal situación na data de liquidación do orzamento.
 - b) Tampouco poderán incorporarse os remanentes de crédito incorporados procedentes do exercicio anterior, salvo que amparen proxectos financiados con ingresos afectados que deban incorporarse obligatoriamente.
5. A aprobación deste tipo de modificacións corresponde ao Presidente do Consorcio e, a súa tramitación, efectuarase da mesma forma que a indicada na Base 9ª para as transferencias de crédito da súa competencia.



Base 12ª. Baixas por anulación.

Corresponde ao Pleno do Consorcio a aprobación das baixas por anulación de créditos e a súa tramitación coincidirá coa prevista para as modificacións por créditos extraordinarios e suplementos de créditos.

**Capítulo Terceiro
Execución do Orzamento de Gastos**

Base 13ª. Situación dos créditos.

1. Os créditos orzamentarios encontraránse, con carácter xeral, nas seguintes situacións: créditos dispoñibles, créditos retidos pendentes de utilización e créditos non dispoñibles.
2. En principio, todos os créditos para gastos se encontrarán na situación de dispoñibles, salvo os expresamente declarados noutra distinta situación polo órgano competente do Consorcio.
3. A retención de créditos, so poderá ser aprobada polo órgano competente para autorizar o gasto ou, no seu caso, para aprobar la transferencia de créditos. A estes efectos, e en aplicación destas bases, ao inicio do exercicio realizaranse as correspondentes retencións nos créditos que amparen compromisos de gastos adquiridos, en especial: os que fan referencia ás aplicacións orzamentarias referentes a persoal (funcionario e laboral) segundo a plantilla e retribucións aprobadas para o exercicio (incluíndo o cálculo que corresponda dos gastos da Seguridade Social), os referentes a xestión indirecta dos parques comarcais de bombeiros e demais compromisos de gasto adquiridos.
4. A verificación da suficiencia de crédito dispoñible haberá de efectuarse:
 - a) En todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito.
 - b) No caso de retencións para transferencias de créditos a outras partidas orzamentarias, ademais da indicada no apartado anterior, ao nivel da propia partida orzamentaria contra a que se certifique a existencia de crédito.

Base 14ª. Anualidade orzamentaria.

1. Con cargo aos créditos do Estado de Gastos so poderán contraerse obligas derivadas de gastos realizados no exercicio.
2. Nembargante, e con carácter de excepcionalidade, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obligacións seguintes:
 - a) As que resulten da liquidación de atrasos ao persoal, sendo o órgano competente para o seu recoñecemento a Presidencia do Consorcio.
 - b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos correspondentes créditos.
 - c) As procedentes do recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno do Consorcio ou pola Presidencia, neste último caso, sempre que exista consignación orzamentaria suficiente ao nivel de vinculación xurídica.

Base 15ª. Fase de Xestión do Orzamento de Gastos.

1. A xestión do orzamento de gastos da Entidade estará acomodada ás fases seguintes:

- | | |
|---|--|
| 1) Autorización del gasto: A. | 3) Recoñecemento e liquidación da obligación: O. |
| 2) Disposición ou compromiso do gasto: D. | 4) Ordenación do pago: P. |



2. Nembargante, nos casos nos que expresamente se estableza, un mesmo acto administrativo de xestión do Orzamento de gastos poderá abrancar mais dunha fase de execución das enumeradas, producindo o acto administrativo cas acumule os mesmos efectos que si se acordaren en actos administrativos separados. Poden darse os seguintes supostos de acumulación:

1) Autorización-Disposición: AD.

2) Autorización-Disposición-Recoñecemento da obrigación: ADO.

3. Nestes casos, o órgano que adopte o acto de aprobación, deberá ter a competencia para acordar e aprobar tódalas fases que dita acumulación inclúa.

Base 16ª. Autorización do gasto.

1. Constitúe o inicio do procedemento de execución do gasto mediante o que queda acordada a realización dun gasto por un importe en contía certa ou aproximada, para o que se reserva a totalidade ou parte dun crédito orzamentario. Este acto administrativo carece de relevancia xurídica fronte a terceiros.

2. En todo caso, constitúen supostos de preceptiva autorización, os seguintes:

- a) En todos aqueles gastos obxecto de expediente de contratación conforme ao disposto polo Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro), deberá tramitarse ao inicio do expediente o documento "A" por importe igual ao custo do proxecto, servizo, subministro ou presuposto elaborado polo servizo correspondente
- b) Pertencen a este grupo:
 - Os de adquisición de inmobilizado, salvo de contratos menores.
 - Aqueles outros que, pola súa natureza, fora aconsellable a separación das fases de autorización e disposición e así quede de manifesto no expediente.

3. Unicamente por circunstancias de extrema urxencia se formularán encargos prescindindo do trámite de Autorización, sendo directamente responsable o autor do encargo e, en calquera caso, será preparada a documentación para a tramitación do expediente e se pasará á Intervención no primeiro día hábil seguinte.

4. A autorización do gasto en materia de contratación corresponderá ao órgano que teña atribuída a competencia de disposición ou compromiso, nembargante, si dito órgano resultara ser o Pleno do Consorcio, as actuacións necesarias para o inicio do expediente, poderán ser realizadas pola Presidencia de modo que, no momento de se elevar aquel ao Pleno, elaborados os documentos correspondentes, ratifique, expresamente, ditas actuacións de inicio, constando así no correspondente acordo plenario. Do mesmo xeito, tendo en conta a especial idiosincrasia desta entidade, a Presidencia do Consorcio poderá elevar ao Pleno aqueles expedientes de contratación nos que teña atribuída a competencia como órgano de contratación, para a adopción de acordos de autorización e/ou compromisos de gastos, xustificándoo no expediente, pola a súa especial transcendencia (técnica, económica, de servizo, etc.) ou interese público.

Base 17ª. Disposición ou Compromiso do gasto.

1. Disposición ou Compromiso de Gasto constitúe o acto mediante o que se acorda a realización dun gasto previamente autorizado. A disposición, ten relevancia xurídica para con terceiros, vinculándose a Entidade á realización dun gasto concreto e determinado, tanto na súa contía como nas condicións da súa execución.

2. Son Órganos competentes para aprobar a Disposición de Gastos os que a tiveran para a súa autorización.

3. En materia de contratación as competencias como órgano de contratación, e polo tanto, para a autorización e disposición ou compromiso de gasto, seguirán o establecido na Disposición adicional



segunda do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, nembargante, tamén como se establece na Base 16.4, a Presidencia do Consorcio, poderá elevar ao Pleno aqueles expedientes de contratación nos que teña atribuída a competencia como órgano de contratación, para a adopción de acordos de autorización e/ou compromisos de gastos, xustificándoo no expediente, pola a súa especial trascendencia (técnica, económica, de servizo, etc.) ou interese público.

Base 18ª. Recoñecemento e liquidación da obrigación.

1. Constitúe o acto mediante o que queda declarada a existencia dun crédito esixible contra o Consorcio, derivado dun gasto autorizado e comprometido, previa verificación documental ante o órgano competente, da realización da prestación ou do dereito do acreedor, de conformidade cos acordos ou resolucións que, no seu día, autorizaron e comprometeron o gasto.

2. A simple prestación dun servizo ou entrega dun subministro ou realización dunha obra, non son títulos suficientes para que a Entidade se recoñaza como debedor por tales conceptos si aqueles non foron requeridos ou solicitados por autoridade ou órgano competente. Tal extremo será verificado coa conformidade, na propia factura ou documento que proceda, da xerencia ou da presidencia, no seu caso. Si non precedeu a correspondente autorización ou verificación poderá producirse a obriga unipersonal de devolver os materiais e efectos ou de indemnizar ao subministrador ou executante.

3. En xeral, e salvo que expresamente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares estableza outra cousa, corresponderá á Presidencia do Consorcio o recoñecemento e liquidación da obrigación, para o cal se precisará da existencia dos documentos xustificativos que, alomenos, conterán:

3.1. Contratos de obras:

Para que a Presidencia proceda ao recoñecemento e liquidación deberán constar os documentos que para este fin esixa o prego de cláusulas administrativas, pero que contraerase, como mínimo en:

a) A Certificación de obra:

- Que será emitida polo facultativo director e na que constarán as relacións valoradas en que se fundamenten e que terán a mesma estrutura que o Orzamento da obra.

a) A Factura, na que constarán alomenos, consonte ao Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro:

- Número e, no seu caso, a serie e data da emisión. A numeración das facturas será correlativa.
- Nome e apelidos ou razón social, número de identificación fiscal, ou, no seu caso, código de identificación e domicilio do expedidor e do destinatario, ou localización do establecemento permanente si se trata de non residentes.
- Descripción do obxecto da mesma.
- Contra- prestación total da operación e, no seu caso, os demais datos necesarios para a determinación da Base Impoñible.
- Tipo tributario e cota.
- Sinatura e selo do contratista
- No seu caso, forma e lugar do pago (CCC completa).

Poderán aprobase simultaneamente a certificación da obra e a factura, pero non poderá procederse á liquidación se a primeira non está aprobada.

3.2. Contratos de subministro, de servizos e de xestión de servizos públicos:

Para que a Presidencia proceda ao recoñecemento e liquidación deberán constar os documentos que para este fin esixa o prego de cláusulas administrativas, pero que contraerase, como mínimo en:

a) A Acta de recepción do subministro ou do documento, texto, etc. segundo o correspondente contrato e, o informe da xerencia sobre a procedencia do recoñecemento da obriga (visto e prace e proposta de pago asinado na factura).

a) A Factura, na que constarán alomenos, consonte ao Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro:

- Identificación da Entidade e do contratista.
- Número da factura e data
- Descripción suficiente do subministro realizado ou do servizo, asistencia, etc., prestado.
- No seu caso: identificación (presidencia, xerencia ...) que efectuou o encargo ou albarán, ou conformidade co subministro ou servizo prestado.
- Número do expediente, no seu caso, que ampara a adxudicación.
- Tipo tributario e cota.
- Importe facturado, no seu caso, con anterioridade en relación a dito gasto
- Sinatura ou selo do contratista.



3.3. Contratos menores:

Salvo que o procedemento contractual tivera aprobados pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas, en cuxo caso, seguirase o dispuesto neste aspecto ao que se estableza en dito clausulado, deberá figurar no expediente para poder proceder ao recoñecemento e liquidación da obrigación:

- a) Contratos menores de obras: figurará o presuposto da obra, e a factura correspondente consonte aos requisitos establecidos no citado Real Decreto 1619/2012, deberá figurar tamén o proxecto cando consonte ao testo refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así se estableza pola especialidade das obras. Na factura, figurará, así mesmo, o visto e prace da xerencia.
- b) Resto dos contratos menores: figurará en todo caso a factura consonte ao establecido no Real Decreto 1619/2012, así como o visto e prace da xerencia.

4. Nembargante, poderán substituírse por talonarios de vales numerados ou, no seu defecto, por tickets expedidos por máquinas rexistradoras, os xustificantes das seguintes operacións:

- a) Ventas ao por menor, incluso as realizadas por fabricantes ou elaboradores dos produtos entregados, que non superen os 10€.
- b) Ventas ou servizos en ambulancia.
- c) Transporte de persoas:
 - Taxis: achegarse ticket normalizado co correspondente importe e matrícula.
 - Autobuses: achegarse ticket ou vale expedido pola compañía de transporte onde figure o importe.
 - Avións: achegarse factura expedida polo mediador, ou pola compañía de aviación e, no caso de emisión por internet o documento de conformidade que emita a compañía ou mediador ou calquera outro documento que sirva para esclarecer o importe, compañía e traxecto.
- d) Subministro de hostalería e restauración, prestado por restaurantes, bares, cafeterías, chocolaterías e establecementos similares.
- e) Subministro de bebidas ou comidas para consumir no acto, prestados por los establecimentos antes citados.
- f) Servizos telefónicos.
- g) Servizos de aparcamento e estacionamento de vehículos.

En todo caso, os vales ou tickets deberán conter os seguintes datos:

- a) Número e/ou serie.
- b) Número de Identificación Fiscal ou Código de Identificación do expedidor.
- c) Tipo impositivo aplicado ou a expresión «IVE incluído».
- d) Contra- prestación total.

5. Malia o anterior, os xustificantes de gastos de autopista (peaxe, telepeaxe) poderán xustificarse, ben mediante declaración responsable por indicación do traxecto (con acomodo ao Anexo II destas bases) e, no caso da xerencia, mediante a inclusión do custo do telepeaxe na conta bancaria correspondente de forma que apareza o importe do custo do traxecto, a este respecto o titular da xerencia poderá dispoñer de tarxeta de débito para a realización de gastos que deberá xustificar documentalmente segundo a súa natureza e custo. Para o caso de que un billete de avión, tren, etc. fora emitido por vía telemática sen soporte-papel, procurarase obter importe mediante a emisión da comunicación da expedición sinalada.

6. Os gastos de correos, os da xerencia e suboficial coordinador do servizo, diversos, correspondentes aos de peaxe, telepeaxe, gasoil, etc. aprobaranse en resolución contida ao fin de cada mes, especificándose a súa natureza, aprobándose nun só acto (ADO), tal e como figura na base seguinte.

7. Finalmente se elevarán á aprobación do Presidente da Entidade a quien corresponde o recoñecemento e liquidación das obrigas, salvo as que impliquen recoñecemento extraxudicial de créditos, que corresponderán ao Pleno do Consorcio sempre que non exista dotación orzamentaria a nivel de vinculación xurídica a quien tamén lle corresponderán as concesións de quita e espera.

Base 19ª. Acumulación de fases da execución.

Poderán darse, entre outros, os seguintes casos de acumulación de fases:



- a) Autorización – Disposición (AD), poderá utilizarse nos casos seguintes:
 1. Gastos de persoal (salarios e cotas da Seguridade Social).
 2. Compromisos de gastos adquiridos incluídas prórrogas e modificacións de contratos.
 3. Arrendamentos e primas de seguros contratados cando o seu abono sexa consecuencia de contrato debidamente aprobado
 4. Contratos menores nos que se prevea tramitar máis de unha factura.
- b) Autorización – Disposición – Recoñecemento da Obrigación (ADO), poderá utilizarse nos seguintes casos:
 1. Contratos menores cando se prevea tramitar unha única factura.
 2. Recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados pola Presidencia ou polo Pleno.
 3. Pagos a xustificar.
 4. Resolucións xudiciais.
 5. Os de dietas, gastos de locomoción, indemnizacións, asistencias e retribucións dos membros corporativos e do persoal asesor e colaborador así como do persoal propio do Consorcio, incluíndo a Xerencia.
 6. Intereses de demora e outros gastos financeiros.
 7. Anticipos reintegrables a empregados públicos.
 8. Subministros dos conceptos 221 e 222, anuncios e subscricións, cargas por servizos do Estado, e gastos que veñan impuestos pola legislación estatal ou autonómica.
 9. Melloras graciabes, produtividade o gratificacións ao persoal, mediciñas e demais atencións de asistencia social ao persoal.
 10. Gastos por servizos de teléfonos, telégrafos e correos, dentro do crédito orzamentario (respecto dos últimos, se irán abonando a medida que se faga necesario co efectivo da caixa para, a fin de mes, aprobálos na resolución correspondente, que reflectirá o importe total más os parciais con identificación dos documentos xustificantes).

Asemade e aos únicos efectos de operatividade, poderán figurar domiciliados os gastos correspondentes a suministro eléctrico, telefonía, gas, auga, acumulándose (ADO) as fases no momento do cargo do recibo-factura na conta da entidade, e sen prexuízo de figurar na correspondente resolución aprobatoria no momento da achega daquel.

Base 20ª. Documentos suficientes para o recoñecemento.

1. Para os Gastos de Persoal, se observarán as seguintes regras:

A xustificación das retribucións básicas e complementarias do persoal funcionario e laboral, se acomodará ao Anexo de Persoal do Orzamento e, en todo caso, con independencia deste ás normas e instruccións que se deriven logo da aprobación do Orzamento Xeral do Estado para o exercicio que corresponda, e se realizará a través das nóminas mensuais, nas que constará a sinatura da Presidencia, mediante a que se presta conformidade aos servizos prestados incluídos os que non sexan habituais (produtividade, gratificacións, ...) que en todo caso, deberán figurar neses documentos.

Aos efectos anteriores, realizarase a 1 de xaneiro ou cando proceda, a retención (AD) correspondente ás retribucións dos empregados públicos fixas e periódicas en función da súa relación coa Entidade e ese mesmo documento respecto do cálculo que se realice, das cotas empresariais da Seguridade Social.

2. Para os Gastos en bens Correntes e Servizos, se esixirá a presentación da correspondente factura, cos requisitos e procedimento establecidos na Base 18ª e no seu caso, 19ª.

3. Os gastos de Dietas e de Locomoción, que poderán ser atendidos polo sistema de anticipos de Caixa Fixa, unha vez xustificado o gasto orixinarán a tramitación de documentos «ADO».

4. Aínda que non se contemplan operacións de crédito no Orzamento, en relación cos Gastos Financeiros, entendendo por tales os comprendidos nos Capítulos III y IX del Orzamento, se observarán as seguintes regras:

- a) Para o caso de se aprobar operacións de crédito, os orixinados por intereses e amortizacións cargados directamente en conta bancaria, haberá de xustificarse, coa conformidade do Interventor, que se axustan ó cadre de financiamento.
- b) Do mesmo xeito se operará cando se trate de outros gastos financeiros, si ben neste caso haberán de acompañarse os documentos xustificativos (facturas, liquidacións, cargo bancario ou calquera outro que corresponda).



5. Para o caso de se modificar o presente Orzamento e consignar crédito nos Capítulos IV e VII, de Transferencias correntes ou de capital, respectivamente, recoñecerase a obriga, mediante o documento «O», si o pago non estivera condicionado. Noutro caso, non será iniciada a tramitación ata en tanto non se cumpra a condición.

Base 21ª. Xustificación das subvencións.

Nas subvencións nas que, no seu caso, fora beneficiario o Consorcio, cada responsable técnico ou efectivo do servizo ao que afecten, elaborará o informe, relación ou certificación correspondente para remitila á Secretaría- Intervención, co obxecto de que o titular da mesma, a súa vez, poda xustificar a boa execución do fin da mesma, sendo aqueles efectivos ou técnicos citados, directamente responsables do seu contido.

Base 22ª. Ordenación do Pago.

1. A Ordenación de pagos, corresponderá ao Presidente de la Entidade que poderá aprobar un Plan de Disposición de Fondos, ao que deberán acomodarse as ordes de pago e que respectará os límites impostos polo art. 187 e concordantes do Texto Refundido da LRFL. Respecto da proposta de pago, as facturas deberán levar inserido o selo co visto e prace da xerencia, data e sinatura da persoa titular do cargo, actuando isto como documento formal de proposta de pago elevada ao ordenador de pagos. En canto a ordenación de pagos, terase en conta:

- a) Respecto aos gastos de persoal:
A aprobación da plantilla relación dos postos de traballo polo Pleno, supón a aprobación do gasto derivado das retribucións básicas e complementarias, agás que impliquen remuneracións non fixas nin periódicas (produtividade, horas extraordinarias ...) tramitándose o importe correspondente aos postos efectivamente ocupados ao comezo do exercicio mediante o documento "AD".
As nóminas mensuais, cumplirán a función de documento "O" que se elevará á Presidencia para a ordenación do pago.
Respecto ás cotas da Seguridade Social, be orixinarán ao comezo do exercicio o documento "AD" por importe igual ás cotizacións previstas ou ben, aprobaranse e disporase as cantidades mensuais que correspondan.
Ningún destes documentos require a proposta de pago da xerencia.
- b) Respecto do resto de obrigacións comprometidas:
As disposicións dos demais capítulos se efectuará, consonte aos compromisos de gasto adquiridos en exercicios anteriores e en función dos que se acaden no corrente, de xeito que nos contratos de xestión de servizos públicos vixentes ao 01 de xaneiro, poderá emitirse un documento "AD", polo importe que proceda segundo o contrato e/ou modificacións nel, de forma que a aprobación das facturas mensuais que emita o concesionario, cumplirán a función de documento "O", do que a Presidencia ordenará o pago, previa a inserción nas facturas do visto e prace que, como conformidade co incluído naquela, asine a xerencia do consorcio segundo se indicou nesta base.

2. No pago efectivo derivado de las ordes de pago dispostas pola Presidencia, se seguirá a orde seguinte:

- a) Aínda que esta Entidade carece de débeda que amortizar e cancelar, no caso da súa contracción, será prioritario, sobre calquera outro, o pago dos intereses e capital correspondentes, de conformidade co establecido polo art. 14 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira
- b) Deberán considerarse preferentes os gastos de persoal.
- c) Logo dos anteriores, serán preferentes os correspondentes a obrigas recoñecidas o comprometidas en exercicios anteriores.
- d) As obligacións comprometidas e realizadas de conformidade do exercicio.
- e) Os demais gastos se considerarán obligatorios e, no seu pago material, deberá gardarse a orde cronolóxica da súa ordenación.

**Base 23ª. Pagos a xustificar.**

1. Terán o carácter de pagos "a xustificar" as cantidades que excepcionalmente se libren para atender gastos dos que sexa imposible a previa achega da documentación xustificativa. As ordes de pagos a xustificar, conteñen solo as fases de autorización e ordenación do pago. As fases de disposición ou compromiso do gasto e de recoñecemento da obrigación se desenvolverán a medida que as cantidades libradas se xustifiquen. A contabilización das operacións propias dos pagos a xustificar será realizada consonte ao establecido pola Regra 33 IC.

2. Regras nos pagos a xustificar:

- a) Órgano competente: As ordes se expedirán sobre a base da resolución do órgano competente para autorizar e disponer o gasto a que se refiran, e se aplicarán aos correspondentes créditos orzamentarios.
- b) Conceptos Orzamentarios: Os pagos a xustificar, terán carácter excepcional, e non excederán nunca os límites do Plan de Disposición de Fondos, si existe, e únicamente poderán expedirse con cargo aos créditos pertencentes ao Capítulo II do Estado de Gastos. Con cargo aos libramientos efectuados únicamente poderán satisfacerse obrigas do exercicio corrente.
- c) Prazo de execución e xustificación: O órgano autorizante establecerá o prazo de execución e xustificación, que, en ningún caso, excederá nin de tres meses nin superará o exercicio orzamentario. Queda taxativamente prohibida a posibilidade de permanecer pendente de xustificación, gasto ningún procedente de exercicios anteriores, será en este caso persoalmente responsable o efectivo, autoridade o xestor a quien correspondía achegar os xustificantes.
- d) Situación de los fondos: As cantidades procedentes de pagos a xustificar se ingresarán en contas bancarias con carácter de "restrinxidas de gastos", do que será titular, en todo caso, o Consorcio, de xeito que os intereses desas contas serán transferidos á Tesourería daquel, constituindo ingresos ordinarios do Capítulo V.
- e) Disposición de los fondos: Dos saldos de ditas contas poderán disponer indistintamente os "claveros" ou o perceptor do pago a xustificar, únicamente mediante cheque nominativo.
- f) Réxime das xustificacións: A xustificación comprenderá unha relación dos pagos efectuados e os orixinais das facturas abonadas dilixenciadas de "Recibido e Conforme" polo perceptor. Igualmente se reintegrarán, nos eu caso, os fondos sobrantes á Tesourería Local, que reporá o crédito na partida orzamentaria que corresponda. O perceptor de cantidades a xustificar, deberá axustarse na contratación de subministres ou servizos ás disposición administrativas vixentes. Unha vez aprobada a xustificación por quien aprobou o pago a xustificar, os documentos citados xutaránse ós da orde de pago principal.
- g) Requisitos subxectivos: O perceptor deberá ter a condición de membro da Corporación, Xerencia ou figurar na plantilla do persoal do Consorcio.
- h) Reintegro dos fondos: o perceptor dos pagos a xustificar deberá reintegrar á Tesourería do Consorcio os fondos non invertidos ou non xustificados, producindose as anotacións contables que se citan na Regra 33.3 IC.

Non poderán expedirse novas ordes de pagos a xustificar polos mesmos conceptos orzamentarios aos mesmos perceptores que tiveran no seu poder fondos pendentes de se xustificar ou incumprirán anteriormente, sen causa razonada, os prazos de xustificación e achega de documentos. Estes pagos serán controlados polo titular da Tesourería ou quien exerce estas funcións.

Base 24ª. Anticipos de Caixa Fixa.

1. De conformidade co disposto pola Regra 34 IC, constitúen estes anticipos, as provisións de fondos de carácter non orzamentario e permanente para as atencións de gastos correntes do Capítulo II de carácter periódico ou repetitivo (dietas, locomoción, material de oficina non inventariable, conservacións de escasa contía e análogos) co fin da súa atención e pago inmediato e posterior aplicación dos gastos ao Orzamento do exercicio.

2. Aínda que esta provisión de fondos non terá carácter orzamentario, inicialmente, se efectuará na partida á que correspondan os gastos unha retención de crédito por igual importe.

3. Os anticipos de caixa fixa se autorizarán de acordo coas seguintes normas:



- a) Órgano competente: será o Presidente do Consorcio, mediante resolución na que se explicarán contía concreta do anticipo, motivos e xustificacións do mesmo.
- b) Contía e Conceptos Orzamentarios: Os anticipos unicamente poderán expedirse para atender gastos pertencentes ao Capítulo II e a súa contía global **anual non excederá** do 10% do Programa 920 do mencionado capítulo II.
- c) Libramento dos fondos: serán librados en metálico ou ben mediante apertura de conta en entidade financeira para ese fin como Conta restrinxida de pagos, de titularidade do Consorcio e disposición ao habilitado/s pagador/es.
- d) Obrigas do habilitado/s: xustificar debidamente o anticipo/s mediante facturas dos pagos realizados e que se apliquen á finalidade establecida; comprobar, no seu caso, a personalidade e lexitimación do perceptor; custodiar os fondos; render, baixo a súa responsabilidade, as contas á Tesourería e contabilidade do Consorcio. En ningún caso, o habilitado/s utilizará os fondos para fines alleos ao anticipo.
- e) Situación e disposición dos fondos: As cantidades procedentes de anticipos de caixa fixa se lle aplicarán as mesmas normas que ós fondos procedentes dos pagos a xustificar en tanto a que estes fondos sempre formarán parte da Tesourería da Entidade, debendo controlarse expresamente, polo Tesoureiro ou quen exerza estas funcións.
- f) Régime das xustificacións e reposición de fondos: A xustificación comprenderá unha relación dos pagos efectuados e os orixinais das facturas abonadas, dilixenciadas de "Recibido y Conforme" por el perceptor, o órgano autorizante establecerá o prazo de xustificación, ainda que o último dos prazos en ningún caso excederá do día 20 de decembro.
 - Esas xustificacións, unha vez aprobadas polo Presidente, orixinarán en favor do perceptor do anticipo unha orde de pago de reposición de fondos, por idéntica cantidad, con aplicación ó concepto orzamentario que corresponda.
 - No suposto de que non existira crédito dispoñible suficiente, a orde de pago se imputará ao crédito inicial retido e se ordenará a cancelación do anticipo de caixa fixa.
- g) Requisitos subxectivos: O perceptor deberá ter a condición de membro da Corporación ou figurar na plantilla do persoal do Consorcio ou, no seu caso, contratado laboral temporal.

4. Non deberán expedirse novos anticipos polos mesmos conceptos orzamentarios a perceptores que tiveran no seu poder fondos pendentes de xustificación ou incumpriran, con anterioridade, as regras e prazos de xustificación doutro anticipo.

Base 25^a. Gastos Plurianuais.

- 1.** Son gastos de carácter plurianual aqueles que estenden os seus efectos a exercicios posteriores a aquel no que se autorizan e comprometen superando o ano de realización.
- 2.** A autorización destes gastos queda subordinada ás normas previstas polo art. 174 do Texto Refundido LRFL, arts. 79 ó 87 do R.D. 500/90 así como as normas de aplicación contidas no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e Base 17^a das presentes.
- 3.** Quedan especialmente autorizados os gastos desta natureza derivados das contratacóns que puideran realizarse das xestións indirectas, mediante concesión, dos servizos de intervención rápida nos Parques de Bombeiros, dos que a contratación, seguirá, en todo caso, as normas ao efecto contidas no citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Capítulo Cuarto Remanente de Tesourería

Base 26^a. Remanente de Tesourería.

Serán aplicadas as normas que sobre os componentes, control e cálculo do remanente de tesourería especifican as regras 81 a 86 IC para o cálculo do remanente de tesourería derivado da liquidación que se practique ao Orzamento de 2012, e coas especificidades recollidas neste Capítulo Cuarto.

**Base 27ª. Dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible recadación.**

Aos efectos previstos polo art. 191.2 do Texto Refundido LRFL e art. 103 do RD 500/90, e coa fin da inclusión dentro do cálculo da cuantificación do remanente de Tesourería, dos dereitos que se consideren como de imposible ou difícil recadación (o que non suporía a súa baixa en contas), a peculiaridade do Consorcio e a súa posta en funcionamento relativamente recente, xunto cos resultados obtidos nas liquidacións practicadas aos Orzamentos de 2003 e seguintes, fan que, realmente, non existan nestes momentos debeiros desta Entidade que podan ser tidos como posibles incobrables xa que de feito, ditas liquidacións orzamentarias son demostrativas de que ata o presente non existiron outros terceiros "debeiros" orzamentarios por dereitos recoñecidos que as dúas entidades que integran o Consorcio. En consideración ao exposto, así como ao efectos do apartado do cálculo do remanente de tesourería para gastos xerais da Base 26ª, non existirá este tipo de detacción nese intre.

Base 28ª. Rectificación de contraídos e contías pendentes de aplicación de orzamentos precedentes.

1. Aínda que como queda exposto na Base precedente, é un suposto difícil de darse nestes momentos, se fora o caso, nembargante e tendo en conta o disposto ó efecto polo Regulamento Xeral de Recadación, se poderá tramitar e aprobar o "expediente de rectificación de contraídos" de dereitos recoñecidos correspondentes tanto ao Orzamento do exercicio en curso como de Orzamentos pechados.

2. A aprobación corresponderá á Presidencia do Consorcio, xunto co correspondente informe que emita a Intervención e, tras unha exposición pública por un prazo no inferior aos quince días, poderá aprobase dito expediente polo indicado órgano.

3. No caso de que se tivera orixinado a disfunción e, sen prexuízo doutras consideracións, serán aplicadas ás correspondentes partidas do Estado de Gastos do exercicio corrente, as cantidades que, no seu caso, estiveran pendentes de aplicación en exercicios precedentes, sempre que existira crédito en aquela ao nivel de vinculación xurídica aprobado nestas Bases e, no seu caso, previo recoñecemento expreso.

Capítulo Quinto
Execución do Orzamento de Ingresos

Base 29ª. Da Tesourería.

Constitúe a Tesourería do Consorcio, o conxunto de recursos financeiros da Entidade tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias.

A Tesourería réxese polo principio de Caixa Única.

Base 30ª. Titularidade da Tesourería.

Consonte ao establecido no acordo plenario adoptado en sesión realizada o día 19 de decembro de 2012, a titularidade formal da Tesourería recae nestes momentos nun membro do Pleno do Consorcio dos da representación da Excma. Deputación provincial da Coruña, nos termos establecidos nese acordo, aínda que entre outras, as labores materias recaen, á súa vez, no efectivo que ocupa a praza de administrativo – contable na vixente Relación de Postos de Traballo.

**Base 31ª. Custodia e manexo dos fondos.**

- 1.** Procurarase que en ningún caso permaneza na Caixa do metálico da Tesourería unha cantidade superior aos 3.500,00€. En todo caso, serán anotados todos os movementos (entradas-saídas-pagos-ingresos) operados na mesma.
- 2.** En xeral, os fondos estarán situados en contas correntes, libretos de aforros, depósitos a prazo o certificados de depósito intervidos polos "claveros", titulares no momento que fora, da Presidencia, da Intervención e da Tesourería. Nestes momentos existen contas correntes a nome do Consorcio en Bancaja (Bankia) e NovacaixaGalicia Banco e "La Caixa". Nembargante, queda autorizada a Presidencia, para a apertura doutras contas se as necesidades de recadación, seguridade ou rendibilidade dos depósitos o fixeran conveniente.
- 3.** Os xustificantes dos ingresos nas Entidades nas que teña conta o Consorcio realizados pola Tesourería ou quen exerce a función, deberán incluir referencia aos conceptos polos que se efectúan sendo responsable o titular da Tesourería ou efectivo que realice esa función material.

Base 32ª. Conciliación Bancaria.

Ás actas de arqueo mensuais, o Tesoureiro –ou efectivo que actúa nesa función material- xuntará, no seu caso, por cada unha das contas das Entidades Bancarias, as conciliacións dos saldos segundo as anotacións contabilizadas e os saldos que ofrecen esas entidades. Ese documento, virá asinado, así mesmo, polo efectivo que realiza as funcións materiais de contabilidade así como polo propio Tesoureiro (ou quen exerce a función) máis o Interventor.

Aos efectos anteriores, deberá tomarse orixe nos saldos comunicados, para conseguir a súa conciliación cos saldos contables que subministre a contabilidade da Entidade a través das seguintes operacións de aumento ou diminución:

- | | |
|---|---|
| <i>a) Aumentos:</i>
- Ingresos contabilizados pero non realizados.
- Pagos realizados e non contabilizados. | <i>b) Diminucións:</i>
- Ingresos realizados e non contabilizados.
- Pagos contabilizados pero non cargados en conta. |
|---|---|

Base 33ª. Reconecemento de dereitos.

Procederá o recoñecemento de dereitos, tan pronto como se coñeza a existencia dunha liquidación en favor do Consorcio. A estes efectos, fiscalizada a liquidación de conformidade, se procederá á súa aprobación e, simultaneamente, ao seu asento en contabilidade de conformidade coas regras seguintes, tendo en conta a especialidade desta Administración:

- a) Nas achegas das entidades consorciadas para gasto corrente, no momento da aprobación definitiva do Orzamento.
- b) Si existiran achegas das entidades consorciadas para financiamento de gasto de capital: no momento da aprobación de cada expediente finanziado en tal concepto, con independencia de que, no intre das adjudicacións quede rebaixado dito importe e que, no intre da liquidación téñase que facer axustes que, no seu caso, procedera.
- c) Nas liquidacións das taxas pola prestación do servizo, no momento do ingreso efectivo en conta.
- d) Nas auto- liquidacións e ingresos sen contraído previo, cando se presenten e o seu importe estivera ingresado.
- e) Nas que corresponde ás Contribucións especiais, tendo en conta o Convenio ao efecto aprobado en 13 de febreiro de 2012 e asinado: segundo resulte do ingreso efectivo, salvo modificación ou renuncia do convenio.
- f) No suposto de subvencións ou transferencias a percibir doutras Administracións, Entidades ou particulares, condicionadas ó cumprimento de determinados requisitos, o compromiso será contabilizado no momento do acordo formal.
- g) No caso de se concertar préstamos, a medida que teñan lugar as sucesivas disposicións, se contabilizará o recoñecemento de dereitos e o cobro das cantidades correspondentes.



- h) No suposto dos intereses producidos pola retribución das Contas do Consorcio en Entidades Bancarias e outras rendas, o recoñecemento do dereito se orixinará no momento da efectividade do ingreso daqueles.

Base 34ª. Control da Recadación. Delegacións realizadas

1. Deberán ser adoptadas as medidas procedentes para asegurar a puntual realización das liquidacións tributarias e procurar o mellor resultado da xestión da recadación. O control da Recadación corresponde á Tesourería ou a quien exerza materialmente a función, que deberá establecer o procedemento para verificar a aplicación da normativa vixente en materia de recadación así como o reconto de valores.
2. En materia de anulacións, suspensións, aprazamentos e fraccionamentos de pago se aplicará la normativa contida no Texto Refundido LRFL, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e demais normativa de aplicación, así como e no seu caso, na Ordenanza Xeral de Recadación que puidera aprobar o Consorcio.
3. A recadación das taxas procedentes do servizo regulado na Ordenanza Fiscal núm. 1, áchase delegada mediante acordo plenario adoptado en sesión do día 1 de outubro de 2009, na Excma. Deputación Provincial da Coruña, tanto na vía ordinaria como na executiva, acordo, que debe materializarse.

Base 35ª. Contabilización dos Cobros.

1. Os Ingresos procedentes da Recadación, en tanto no se coñeza a súa aplicación orzamentaria, serán contabilizados como Ingresos Pendentes de aplicar ou a investigar, integrándose, desde o momento no que se producen, na Caixa Única.
2. Os restantes ingresos se formalizarán mediante o correspondente mandamento, aplicado ó concepto orzamentario que proceda, no momento de se producir o ingreso.
3. Cando a Xerencia teña información sobre concesión de subvencións, deberá comunicalo de inmediato á Intervención e Tesourería, para que poda efectuarse o seguimento das mesmas.
4. No momento no que se produza calquera abono en conta bancaria, a Tesourería debe poñelo no coñecemento da Intervención ós efectos da súa formalización contable.

Base 36ª. Operacións de Crédito.

As operacións de crédito, tanto a longo prazo como as de Tesourería ou calquera das modalidades legalmente permitidas, serán tramitadas e aprobadas polos órganos do Consorcio a quien corresponda, en función do previsto a estes efectos polos arts. 13.15 e 14.16 dos Estatutos, así como sobre a base dos requisitos esixidos polos arts. 48 e seguintes do LRFL e disposicións concordantes, áinda que no presente Orzamento (como en exercicios anteriores), non se prevé acudir á débeda nin a curto nin a longo prazo.

Base 37ª. Aceptación de cheques.

Se autoriza á Intervención para que poda percibir ingresos ordinarios mediante a aceptación de cheques, de conformidade coa normativa mercantil de aplicación.



Capítulo Sexto
Control, fiscalización e informes

Base 38ª. Control interno, normas especiais de fiscalización e informes trimestrais a render en aplicación do art. 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.

1. De conformidade co establecido polo art. 219.1 LRFL, non estarán sometidos á intervención previa os gastos de material non inventariable, os contratos menores, así como os de carácter periódico e trácto sucesivo unha vez intervido o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións.

Tampouco estarán sometidos a fiscalización previa os gastos inferiores ao 3.005,06€ que se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa (Base 24ª).

2. A intervención previa deberá comprobar no correspondente informe de fiscalización os extremos necesarios consonte a función interventora, e a tal fin, en cada unha das fases que corresponda, e agás para os contratos menores, poderá tomarse como base o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008 coas modificacións operadas polo Acordo de 01 de xullo de 2011 (Resolución da IGAE, publicada no BOE 161/07.07.2011), polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Presupostaria respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos.

3. Respecto dos gastos de persoal se entenderá fiscalizado de conformidade sen necesidade de informe e, so se emitirá informe desfavorable ou reparo de legalidade si as retribucións fixas e periódicas non se axustan ao establecido no Anexo de Persoal deste Orzamento ou en todo caso, as resolucións dictadas en aplicación da Lei Xeral de Orzamentos do Estado, polo Ministerio de Facenda. Nembargante, no caso de contratación de novo persoal deberá comprobase pola Intervención:

- 3.1 A existencia de crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación xurídica.
- 3.2 Que existe proposta previo o proceso selectivo ou de bolsa de contratación que acredita dito proceso.
- 3.3 Que exista resolución expresa da Presidencia autorizando a contratación logo da proposta.
- 3.4 A formalización do contrato laboral en documento escrito e Alta na Seguridade Social

4. Cando se trate de contraer, ben pola Presidencia, ben polo Pleno do Consorcio, compromisos de gasto de carácter plurianual, deberá comprobase pola Intervención:

- a) O acomodo do compromiso ó disposto pola Base 25ª en relación co prevido polo art. 174 do Texto Refundido LRFL e disposicións concordantes do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- b) Que as obrigas ou gasto, están xeradas polo órgano competente consonte ao establecido nestas bases.
- c) Se poderán formular pola Intervención as observacións complementarias que estime oportunas áinda que as mesmas, non terán efectos suspensivos na tramitación do expediente.

5. As obrigas ou gastos de fiscalización limitada, poderán ser obxecto de fiscalización plena, posteriormente, mediante a realizada sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe a aquela fiscalización, facéndose constar, nesta fiscalización, cantos extremos se estimen oportunos

6. Respecto á fiscalización de dereitos, poderá realizarse mediante toma de razón na contabilidade coas posteriores comprobacións consonte establece o apartado 4 do indicado art. 219 do devandito Texto Refundido LRFL.

7. Os informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ao Ministerio de Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma en aplicación do art. 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, polo que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, realizaranse pola Administrativa – contable en colaboración coa Intervención sobre a base dos datos obtidos da aplicación informática do Rexistro de Facturas facilitada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña que leva a primeira indicada.



Capítulo Sétimo
Asignacións, indemnizacións e retribucións de persoal

Base 39ª. Asistencias e indemnizacións a distintos órganos colexiados e conexos.

1. De acordo co estipulado no art. 13 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e demais de concordancia, así como polo acordo nas reduccións adoptado en sesión plenaria de 07 de xullo de 2010, quedan establecidas as seguintes indemnizacións para os membros do pleno do Consorcio nas asistencias correspondentes a:

ÓRGANO	IMPORTE
Plenos do Consorcio	199,50 €
Consello Consultivo	104,50 €
Mesas de Contratación	47,50 €
Comisión Especial de Contas	104,50 €

2. Para os casos nos que coincidan nunha mesma data, máis dunha reunión de Mesa de Contratación, únicamente se percibirá a indemnización correspondente á celebración dunha delas, sendo de aplicación esta norma, tanto para os membros do Pleno do Consorcio como para o persoal técnico asesor, salvo que ditas reunións fagan referencia a expedientes de contratación distintos.

3. De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Consorcio en sesión celebrada o día 06 de xullo de 2004 e, en relación co prevido a estes efectos polo Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, *de indemnizacións por razón do servizo*, as asistencias de persoal técnico pertencente a outras Administracións públicas ou entes das mesmas, aos órganos do Consorcio que se cita a continuación, suporán os importes que se indica, tendo en conta que o concepto de asistencia, neste caso, debe entenderse pola prestación da súa capacidade intelectual, coñecementos técnicos e responsabilidade dos informantes, que en todo caso será presencial e non por representación, non podendo percibir un importe anual superior (pola suma da totalidade que perciba de acordo co prevido polo art. 28 do indicado Real Decreto) ao 40 por 100 das súas correspondentes retribucións excluídas as de carácter persoal derivadas da antigüidade, debendo subscribir a declaración/s documental responsable que xustificativa deste extremo, podendo acomodarse o documento ao Anexo I das presentes, asemade, atendida a previsión do art. 160.1 e cc. do texto refundido da Lei de Contratos do sector público, revisase, respecto do acordo indicado a contía correspondente a "asistencia" dos membros dos Comités de expertos nos expedientes de contratación:

ÓRGANO	IMPORTE
Plenos do Consorcio	210,00 €
Consello Consultivo	110,00 €
Mesa Contratación	50,00 €
Comité técnico en expedientes de contratación	210,00 €

4. As asistencias dos Comités técnicos, abonaranse en función do informe concreto que emitan con independencia das veces que para a evacuación do mesmo fora preciso, nembargante, se abonarán tantas cantas veces e días houbera reunións, o importe por quilometraxe e custos asimilados (caso de utilización de vehículo particular, taxi, etc. e non institucional) que se cita no apartado 2 da base seguinte. Poderase axustar ao Modelo do Anexo II.

5. Quedan excluídos de percepción por calquera dos conceptos de indemnización indicados nos apartados anteriores, os empregados públicos propios do Consorcio (funcionario, laboral, eventual...) que perciba retribucións salariais do Consorcio, con independencia do abono que no seu caso, poida corresponder por productividade, xornadas extraordinarias, etc. ás que tivera dereito.



6. En calquera caso, aos perceptores das indemnizacións, asignacións, etc. reguladas nesta base e, salvo que manifestaran outra cousa en contrario, practicárselles unha retención, en concepto de IRPF pola porcentaxe de 30 por 100 do bruto total a percibir.

Base 40ª. Dietas, gastos de locomoción e outras indemnizacións.

1. Serán de aplicación as normas que sobre pago das dietas e demais que establece o devandito Real decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo, en comisións de servizo encomendadas ou autorizadas pola Presidencia ou Pleno do Consorcio, aplicándose do xeito seguinte segundo os Anexos do dito Real decreto:

- a) Para a Presidencia, restantes membros do Pleno do Consorcio, Xerencia e, no seu caso, persoal técnico asesor: aplicaranse as dietas correspondentes ó Grupo 1, ou ben as correspondentes aos xustificantes que polos conceptos de comidas, aloxamento, transportes, acheguen de acordo coas normas destas bases sobre as facturacións.
- b) Para o funcionario adscrito á Secretaría- Intervención: aplicaranse as dietas correspondentes ó Grupo 1 (Grupo A 1) ou 2 (Grupo A 2) ou os correspondentes derivados dos xustificantes anteriores.
- c) Para o persoal do Consorcio clasificado nos Grupos C1 e C2, ou asimilados a estes: aplicaranse as dietas correspondentes ó Grupo 3 ou os citados xustificantes.

2. As comisións de servizo que realice a xerencia, se entenderán encomendadas, ben expresamente con mandato do Pleno ou da Presidencia, ou ben, na resolución do titular deste último órgano de aprobación dos gastos orixinados polo cumprimento da indicada comisión.

3. As contías por gastos de locomoción, en vehículo propio, xeradas por calquera membro do Pleno do Consorcio, ou polo persoal (funcionario, laboral) afecto á Entidade previa o simultánea comisión do servizo encomendada ao efecto, así como polo persoal técnico asesor pertencente a outra Administración distinta do Consorcio, será a fixada pola normativa que estea vixente no momento de se producir ese gasto, sendo na actualidade e por quilómetro percorrido, a cantidad de 0,19 € (Orde EHA/3770/2005,do 01 de decembro de 2005, B.O.E. do 03). Serán abonados, a todo o persoal, dentro do ámbito deste apartado, os correspondentes gastos xerados pola peaxe das autoestradas, debendo en todo caso o dito persoal subscribir a correspondente declaración responsable logo da cal, se inserirá diligencia subscrita pola Secretaría ou xerencia sobre cumprimento da concreta comisión, asistencia ou feito que dea lugar a esta indemnización, segundo figura en Anexo II a estas bases salvo no caso, do que se indica no apartado seguinte na que dita diligencia se substituirá pola documentación que se indica.

4. Ó persoal ao servizo do Consorcio que realice cursos, xornadas, etc. relacionados coas labores e funcións que presta na Entidade, unha vez obtido o certificado de asistencia correspondente, se lle abonarán os custos por quilometraxe (e, no seu caso, peaxe) orixinados e, no seu caso, aloxamento e/ou dieta enteira ou manutención.

5. As indemnizacións por asistencias dos membros dos tribunais e demais para a selección de selección de persoal funcionario ou laboral, fixo ou temporal, serán abonadas en función da categoría da praza ou grupo asimilado (persoa laboral) segundo establece o citado R.D. 462/2002.

Base 41ª. Réxime retributivo do persoal e Acción social:

O réxime retributivo dos empregados públicos está realizado consonte ao establecido polos artigos 20 e seguintes do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do estado para 2014, aprobado polo Consello de Ministros en 27 de setembro de 2013, de forma que si no transcurso de 2014 variara o establecido no proxecto aplicaríase o correspondente sen necesidade de modificación das presentes bases nin do propio Orzamento, salvo que se precisaran maiores créditos dos previstos. As indicadas retribucións aparecen reflectidas no Anexo de Persoal, onde non están recollidas aquelas que non son fixas nin periódicas na súa devindicación, e que gardan relación coa especial dedicación, rendemento,



producción, interese e iniciativa, traballo fora de xornada, etc., que en todo caso, e consonte á consignación orzamentaria existente a nivel de vinculación xurídica, deberán aprobase de forma individual para cada efectivo no período que correspondera, ben á proposta da xerencia ou directamente pola Presidencia (en especial, cando se refiran á xerencia).

Para o caso de que algúm dos empregados públicos do Consorcio estivera en incapacidade laboral transitoria, complementarse o abono que realice a Tesourería Xeral da Seguridade Social na contía do seu salario íntegro do mes ou meses correspondentes, salvo norma superior que expresamente estipule o contrario.

Finalmente, ante ausencia de negociación ou acordo neste Consorcio cos seus empregados públicos, e en función das dispoñibilidades orzamentarias ao nível de vinculación xurídica, poderán aplicarse, no que fora procedente, ben os convenios ou acordos respecto do persoal funcionario e laboral da Excma. Deputación Provincial da Coruña ou da Xunta de Galicia, ou ben, a Resolución de 28 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba e publica o Acordo de 27 de xullo de 2011, da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado sobre criterios comuns aplicables aos Plans de Acción Social na Administración Xeral do Estado (BOE núm.: 189 do 29.08.2011).

Disposicións Finais

Primeira. Para todo o que non estea previsto nestas Bases, estarase ao dispuesto, con carácter xeral, pola vixente normativa de réxime local, estatal e autonómica que fora de aplicación consonte establecen aos Estatutos así como, a canto resolva o Pleno do Consorcio, no seu caso, previos os informes que proceda. Así mesmo, se durante o tempo de aplicación destas Bases, fora aprobada calquera norma de superior xerarquía que afecte ou modifique o contido das mesmas, aplicarase directamente a norma que proceda sen necesidade de modificación da Base ou Bases afectadas.

Segunda. O Presidente do Consorcio é o órgano competente para a interpretación destas Bases, previo informe da Secretaria Intervención, si así o solicita.

O presente documento comprensivo das Bases para a execución do Orzamento de 2014, xúntase, co resto da documentación elaborada ao Proxecto do mesmo, co fin de que, completado en legal forma e contido o expediente, poida elevarse ao Pleno deste Consorcio quen, como órgano competente, por acordo axustado a Dereito e sobre a base dos intereses e fins da Entidade, procederá á súa aprobación, emenda ou devolución, para o que queda sometido, por esta Presidencia, ao fundado criterio dese órgano.

Carballo, 09 de outubro de 2013.

O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

